

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **24 de novembro de 2023**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (17/03/2023, 14/04/2023, 30/06/2023 e 11/07/2023).
2. O Director informa do nomeamento de D.^a Alma M^a Gómez Rodríguez como Subdirectora de Internacionalización e Innovación da ESEI e comenta as actividades realizadas polo centro:
 - a. Emprego in Campus
 - b. Mesa redonda “As Aplicacións da Intelixencia Artificial na nosa sociedade” enmarcada na ICCWeek2023.
 - c. IX edición do concurso universitario AdaByron.
 - d. Charlas informativas sobre os itinerarios do Grao en Enxeñaría Informática e sobre as especialidades do Máster Universitario en Enxeñaría Informática.
 - e. Xornadas de portas abertas da ESEI.
 - f. CiberGal: Ciberseguridade en Galicia: perspectiva e visión de futuro.
 - g. Conmemoración do Día Mundial do Dante de Sangue: premio á ESEI pola súa contribución nas campañas para animar a doar sangue.
 - h. Xornadas de Acollida.
 - i. Charlas de D. Andrés Gómez, Administrador de aplicacións e proxectos do CESGA (Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia).
 - j. Motorsport participou na Formula Student UK e no estand en Edugal (Salón de oferta de educación e formación de Galicia).
 - k. Encontros con empresas do sector para descubrir o interese destas de implantar o máster dual do Máster Universitario en Enxeñaría Informática (MEI).
 - l. Foro de Investigación para tratar a colaboración entre a Universidade do Minho e a Universidade de Vigo.

Programa de maiores estará adscrito ao centro a partir do 1 de decembro de 2023.

Insta ao persoal de conserxería que verifique as reservas de aula.

3. Apróbanse por asentimento os seguintes límites de prazas para o curso 2024/2025:
 - Grao en Enxeñaría Informática: 147 prazas.
 - Curso Ponte para a Adaptación ao Grao en Enxeñaría Informática: 5 prazas.
 - Programa Conxunto ADE+EI: 3 + 3 prazas.
 - Grao en Intelixencia Artificial: 50 prazas.
 - Máster en Enxeñaría Informática: 25 prazas
 - Máster en Intelixencia Artificial: 20 prazas.
4. Apróbase por asentimento a proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Grao en Enxeñaría Informática e da adscrición de materias a Departamentos para o curso 2024/2025.
5. Apróbase por asentimento a proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Grao en Intelixencia Artificial e da adscrición de materias a Departamentos para o curso 2024/2025.
6. Apróbase por unanimidade a proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Máster Universitario en Enxeñaría Informática para o curso 2024/2025.
7. Apróbase por unanimidade a proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Máster Universitario en Intelixencia Artificial para o curso 2024/2025.
8. Ratifícase por asentimento o nomeamento de D.^a Analia María García Lourenço como Coordinadora do Máster en Intelixencia Artificial.
9. Noméanse os coordinadores/as de titulación, de cursos, de TFG, de TFM, de prácticas en empresas, de programas de mobilidade, do PAT+PIUNE e de Calidade para o curso 2024/2025.
10. Apróbase por asentimento a corrección da guía docente da materia “ Informática: Algoritmos e estruturas de datos I ” do Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2023/2024.
11. Apróbase por unanimidade que tanto o Grao en Enxeñaría Informática como o Máster Universitario en Enxeñaría Informática estean adscritos ao ámbito de coñecemento Enxeñeira Informática e de Sistemas.
12. Apróbase por asentimento a participación na convocatoria do Selo de Grao de Excelencia da Xunta de Galicia co Grao en Enxeñaría Informática.
13. Apróbase por unanimidade as seguintes declaracións de interese:
 - a. Solicitar un Programa Conxunto Grao en Enxeñaría Informática – Grao en Intelixencia Artificial.
 - b. Solicitar un Programa Académico con Percorrido Sucesivo (PARS) Grao en Enxeñaría Informática – Máster en Enxeñaría Informática.
 - c. Solicitar modificación do Máster Universitario en Enxeñaría Informática cara a un modelo de formación dual.
14. Ratifícanse por asentimento as novas versións dos procedementos de Calidade DE 02, DO0101, DO 0102 e PE 02.

15. Apróbbase por unanimidade a Normativa de Mobilidade da ESEI.
16. Ratifícase o nomeamento do Tribunal do Premio Extraordinario de Grao en Enxeñaría Informática.
17. Apróbbase por unanimidade a proposta dun Premio Extraordinario de Grao en Enxeñaría Informática.
18. Apróbanse todos os representantes que presentaron a súa candidatura ás comisións do centro.
19. O Director pide a todos os membros da Xunta de Centro que proporcionen un correo electrónico oficial da Universidade de Vigo para recibir as convocatorias.
20. A Subdirectora de Calidade informa das QSP recibidas e informa de que xa se responderon.
21. Intervenien tres membros:
 - a. D. Víctor Manuel Darriba informa dunha goteira no seu despacho.
 - b. D.^a Cristina Lavadores pregunta polas funcións da mesa da Xunta de Centro e é contestada por o Director.
 - c. D. Héctor Calviño solicita incluír a conta de correo electrónico da ESEIDA nas convocatorias das comisións. O Director lle contesta que se estudará mandar só as convocatorias sen a documentación adxunta.